



1.- En relación a TAW e outros analizadores automáticos:
TAW é un analizador automático de accesibilidade de páxinas web. Ata agora non tiña unha interface en galego e agora si a ten.

Os analizadores (como o caso de TAW que non é o único) son unhas ferramentas estupendas para analizar e mellorar a accesibilidade dunha web pero non están feitos para construír webs. Ti constrúes unha web e, ao mesmo tempo, a vas analizando con estes analizadores automáticos para que te vaian avisando de onde están os problemas para arranxalos... Cando xa adquires moita experiencia vas prescindindo deles.

Analizadores famosos:

Para avaliar a accesibilidade:

- TAW (www.tawdis.net).
- eXaminator (www.accessible.com.ar/examinator).
- Hera (www.sidar.org/hera/).

Para avaliar o código HTML:

- HTML Validator <http://users.skynet.be/mguery/mozilla>
- Validator (<http://validator.w3.org/>).

Para avaliar os estilos CSS:

- Jigsaw (<http://jigsaw.w3.org/css-validator/>).

Barras de ferramentas que se acoplan aos navegadores de internet e que agrupan a varios dos validadores anteriores:

- ChrisPederick (<http://chrispederick.com/work/webdeveloper/>).
- FireBug (<http://www.getfirebug.com/>).

De tódolos xeitos hai moitos aspectos de accesibilidade que un automatismo non pode vixiar, porque a revisión "humana" segue sendo necesaria...

2.- A crúa realidade:

Non hai neste momento ningunha ferramenta no mercado que deixe construír web en plano arrastrar, copiar, pegar, escribir, debuxar e que ao mesmo tempo elabore unha construción accesible... e

tardaremos en vela.

Non hai neste momento ningún "theme" nin esqueleto de ningún tipo para construír unha bitácora ou un foro accesibles... todos os que hai son inaccesibles... e só a base de ir aos poucos reformando o seu código poderíamos chegar a solucións semi-accesibles.

Para facerse unha idea, neste momento, segundo o índice de ránking do eXaminator do que antes falei, só hai 18 sitios web en todo o planeta (de entre os 33.718 que accederon a ser revisados) que teñan unha puntuación de 9.9 de accesibilidade (que por certo, TADEGA é unha delas). Se baixamos a unha puntuación de 9.8 a cousa se pon en máis de 500 webs, e se miramos ao bo do Google, ten unha puntuación de 4.0...

3.- Que pode facer un profe con "conciencia" pero sen formación para atreverse a facer webs accesibles? O primeiro, necesariamente é adquirir formación e hai múltiples vías:

-Buscando por Internet e facéndose os seus propios pinitos... algo moi interesante aínda que require o seu tempo.

-Asistindo a cursos de formación sobre webs accesibles (nos CFR hai oferta sobre este tema)

-Bibliografía especializada? Lamentablemente hai moi pouco sobre accesibilidade; medianamente decente é un PDF da Consellería de Educación de Murcia e que podédesvos baixar nesta ligazón:

<http://www.carm.es/estr/CENDOC/publicacións/ficha.asp?Idpub=1>

COMO PUBLICAR DE XEITO ACCESIBLE NA BITACORA DE TADEGA

Neste documento explícase cómo se debe proceder cando no artigo a publicar desexamos inserir algún documento multimedia (imaxes, tiras de cómic, presentacións visuais, etc.) que levan información visual sen unha transcripción de texto asociada que a explique suficientemente e que, polo tanto, deixaría o recurso inaccesible para persoas con discapacidade visual. Trátase dun sistema estándar que se usa nas webs para amosar en cada un destes recursos unha alternativa de texto que explique suficientemente o recurso inserido.

Agora mesmo, non todos os recursos multimedia da bitácora están a cumprir con estes requisitos (Adaptouse un deles para que sirva a modo de exemplo (vede a páxina http://tadega.net/Bitacora/?page_id=2).

Procedemento:

As regras de accesibilidade web indican que nas páxinas web se debe evitar inserir recursos visuais se non se acompañan axeitadamente do texto explicativo do seu contido, e que no caso de que non fose así, se arbitra un método para paliar esta deficiencia. O método consiste no seguinte:

1. Na páxina onde se insire o recurso (supoñamos unha imaxe), ao editar o artigo na bitácora, pinchamos sobre a pestaña "code" no canto da pestaña "visual" e localizamos o código da imaxe inserida que recoñeceremos doadamente ao ver que comeza por "``"
2. Antes do peche dese código, é dicir, antes de "`>`" inseriremos o seguinte código "`longdesc=http://tadega.net/Bitacora/?page_id=74#MiEtiqueta`" pero tendo en conta que deberemos cambiar o nome "`#MiEtiqueta`" por un nome (sen espazos nen tildes ou eñes) que represente ao recurso que se vai a explicar, por exemplo "`#ComicDocentia2007`" (Atención a presenza da almofada que é obrigatoria).
3. A continuación do final do código da imaxe, é dicir, a continuación do "`>`" inseriremos o seguinte código: "`[D]`" Fixádevos que tamén leva o nome inventado por nós que coincide co que dimos antes.
4. Ao final dese código engadido, viría un punto e aparte, e despois o resto do artigo tal e como o tiñamos pensado. Unha vez completada a edición gardamos o resultado.
5. Así, o que temos conseguido e que ao carón da imaxe (ou recurso multimedia a explicar) haxa unha letra "D" entre corchetes que é o distintivo internacional para que as persoas con discapacidade saiban que, pinchando nela, chegarán a unha páxina coa explicación detallada do recurso multimedia inserido.
6. Feita esta parte, agora toca modificar un artigo moi especial onde iremos almacenando todas as explicacións deste tipo. Para elo compre que no xestor da bitácora nos vaíamos a: "*Xestionar / Páxinas / Descricións alternativas / Editar / Code*".
7. Alí veredes como xa hai outras descrições feitas que vos poden servir de axuda, de todos modos o explico aquí:
 1. Insírese un novo párrafo. co seguinte texto:


```
<h3><a title="Tira de Cómic en Docentia 2007." name="ComicDocentia2007"></a>Descrición detallada do Cómic feito para Docentia 2007.</h3>
Esta tira cómic está deseñada..."
```
 2. Ben pois agora toca:
 1. Cambiar "*Tira de Cómic en Docentia 2007.*" pola descripción breve axeitada.
 2. Cambiar "*ComicDocentia2007*" polo nome do recurso que inventarades antes (fixádevos que aquí non hai almofada).
 3. Cambiar "*Descrición detallada do Cómic feito para Docentia 2007.*" polo título que lle queirades dar á vosa explicación detallada.
 4. Cambiar "*Esta tira cómic está deseñada...*" pola explicación longa, detallada e precisa do recurso inserido no voso artigo.
 5. Inserir un punto e parte final.

É mais doado do que parece e supón un esforzo importante, pero a cambio gañamos en non atentar á dignidade das persoas con discapacidade por mor dos nosos malos deseños e, ao mesmo tempo, damos exemplo de cómo deben facerse as cousas.

AENOR LANZA A CERTIFICACIÓN DE ACCESIBILIDADE WEB

Todo tipo de páxinas e portais existentes en Internet poderán optar a un certificado de calidade que acredite que son accesibles para o maior número de persoas, independentemente das súas limitacións ou das derivadas da contorna de uso. Este é o resultado do acordo de alcance internacional subscrito pola Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR) co Centro Tecnolóxico da Información e a Comunicación (CTIC), en Asturias, e co Instituto Europeo de Soporte lóxico (ESI Tecnalia), en Euskadi.

Segundo a Lei de Servizos da Sociedade da Información e de Comercio Electrónico (LSSICE), as Administracións públicas españolas deben cumprir a partir do 1 de xaneiro de 2006, os requisitos necesarios para que as súas páxinas web sexan accesibles a persoas con discapacidade e de idade avanzada. Isto mesmo é aplicable aos sitios web privados que contén con financiamento pública.

AENOR desenvolveu un sistema de certificación nesta materia, segundo a norma UNE:1994 Aplicacións informáticas para persoas con discapacidade. Requisitos de accesibilidade para contidos Web, que se fundamenta nas directrices de accesibilidade do World Wide Web Consortium (W3C), cuxa oficina española está na Fundación CTIC.

A nova certificación asegura a empresas privadas e Administracións públicas que os seus sitios web cumpren en todo momento coas pautas de accesibilidade establecidas na norma e aporta un selo de excelencia á súa presenza en Internet. Así mesmo serve como importante guía de apoio á hora de definir os requisitos de contratación e como distintivo de confianza para os usuarios.

A accesibilidade permite que un sitio ou servizo web poida ser utilizado de forma satisfactoria polo maior número posible de persoas, independentemente das súas capacidades persoais ou tecnolóxicas, e a súa falta nega o acceso a potenciais usuarios e, a partir do punto de vista empresarial, a posibles clientes.

Como exemplos de característica dunha web accesible pode citarse o que se permita configurar o tamaño de letra para evitar dificultades de visión, o uso de estándares internacionais que aseguren o acceso á información en diferentes sistemas operativos ou que os vídeos deban estar subtitulados para facilitar a súa comprensión a discapacitados auditivos.

PARA SABER MAIS:

http://www.sidar.org/informe_dia_internet/2007/

http://www.unavarra.es/info/pdf/accesibilidad_cas.pdf Xornadas accesibilidade universal

<http://www.cettico.fi.upm.es/aenor/> Normas accesibilidade AENOR